




## CAEN UN 80% AS ACHEGAS DA XUNTA Á ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN GALEGO

**"IMOS SOBREVIVIR".** Cesáreo Sánchez, á esquerda da imaxe conversando co conselleiro de Cultura, Roberto Varela, foi reelexido presidente da Asociación

de Escritores en Língua Galega (AELG). Sánchez denunciou que, neste exercicio, a Xunta lle reduciu ás achegas á entidade que dirixe nun 80 por cento. **Páxina 29**

**AELG** Os escritores galegos reelexen a Cesáreo Sánchez á fronte da asociación, que ve reducida a súa actividade debido á minguada das axudas públicas nun 80%

# "Imos sobrevivir"



MARÍA PEGO

Cesáreo Sánchez continuará a presidir a Asociación de Escritores en Lingua Galega durante os próximos dous anos

## Preparan un manifesto sobre a falta de apoio da Xunta á cultura e rexeitan que os fondos de Cela vaian ó Gaiás

Vanesa Oliveira · Santiago

"A Asociación de Escritores en Lingua Galega, por moito que se lle afogue, vai sobrevivir a este goberno e ao que intente negar a cultura galega". Cunha mensaxe esperanzadora á vez que crítica coa xestión cultural da Xunta de Núñez Feijóo, o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, foi reelexido á fronte da asociación por outros dous anos máis, nunha asemblea xeral que rematou cun pronunciamento en contra de que a Cidade da Cultura albergue os fondos da Fundación Cela. No acto, celebrado onte no Museo do Pobo Galego en Compostela, a directiva da AELG puxo sobre a mesa as dificultades para ter unha estrutura sólida e mesmo para seguir organizando actividades, tras os recortes das axudas públicas destinadas á asociación, que chegaron até o 80 por cento.

Ademais, segundo anunciou onte Cesáreo Sánchez, será na celebración anual de Rosalía de Castro, cando a asociación faga público un manifesto que rexeita a falta de apoio da Xunta á cultura galega. "Estase a destruir todo o construído ao longo dos últimos trinta ou corenta anos. Pensamos que non é un tema dunha consellería senón unha actitude do

Goberno galego en relación coa lingua e á cultura do país", asegura o presidente reelexido da AELG.

O escritor lembrou que a cultura move en Galicia máis de 27.000 postos de traballo, ademais de ser o que lle dá sentido "a que exista un goberno autónomo coas competencias que ten". Ao seu ver, "a cultura ten que ser promovida e ampliada na súa participación pública e social", algo que, na súa opinión, non está a facer o executivo de Feijóo.

De feito, a AELG viu reducidas drasticamente as súas fontes de financiamento público nun 80%. Por un lado, os fondos achegados por Industria para a xeración de contidos de novas tecnoloxías, "desapareceron na súa totalidade". Do mesmo xeito tamén se acabaron as achegas da Dirección Xeral de Xuventude para dar obradoiros a alumnos

nos centros sociais. E tamén se cortou a colaboración co Xacobeo, "un departamento de organización de festexos que nada teñen que ver con crear estrutura cultural no país". Ademais, Cultura reduciu nun 30% a achega de fondos á AELG, de igual xeito que Política Lingüística, que en anos anteriores concedera á asociación axudas de até 20.000 euros, este ano rebaixouno a só 8.000. "En total, temos un 80% de presuposto menos. Así, a nosa estrutura vaise vir a menos e reduciranse as actividades que organizaremos", apunta Cesáreo Sánchez.

Na asemblea tamén se fixo público un pronunciamento da AELG sobre a Cidade da Cultura. Os escritores galegos piden "reformular os usos" do Gaiás. "Aínda que participemos en actividades que se celebren ali, iso non significa que lexiquemos a Cidade da Cultura nin compartamos os intentos de confundir o que é cultura galega. Por iso pedimos que até que non haxa un proxecto viable, sostible e benéfico para a cultura galega, non se constrúan máis edificios, senón que hai que reformular os usos dos existentes, xa que os edificios foron creados como iconografía megalómana baixo presupostos supuestamente artísticos", denuncia o presidente da asociación.

## "Estase intentando confundir o que é a cultura galega"

Ademais, Cesáreo Sánchez considera que os fondos da Fundación Cela non se deberían trasladar ao Gaiás. "Hai que facer unha auditoría dos últimos vinte anos para saber en que se gastou o diñeiro público destinado a esta fundación", esixe. Ao seu ver, "hai un intento de confundir o que é a cultura galega pero temos que demandar que este goberno asuma a protección da lingua galega e non meta no mesmo saco da crise a actividade cultural porque cando queren si hai diñeiro", engade.

Con todo, Cesáreo Sánchez considera primordial non deixarse levar polo desalento nin pola desesperanza. "Vimos de lonxe e imos para lonxe. O certo é que a AELG, por moito que se lle afogue, vai sobrevivir a este goberno e a quem intente negar a cultura galega. Os que estamos entregados ao humilde esforzo da construcción da nación galega, debemos seguir mantendo acesa a nosa ilusión", conclúe. ●

### ESCRITOR NA SÚA TERRA

## Paco Martín, elixido 'Letra E'

Unha das decisións que tomaron onte os socios da Asociación de Escritores en Lingua Galega foi conceder a *Letra E* a Paco Martín. O escritor galego, autor, entre outras, da obra *Das cousas de Ramón Lamote* –recoñecida co Premio Nacional de literatura infantil en 1986– recibiría a homenaxe de *Escriptor na súa terra* na súa vila natal, Lugo, nunha data que ainda está sen fixar.

Será unha das poucas actividades que poída seguir mantendo a AELG, logo dos recortes de fon-

dos públicos. Ademais, continuarán a celebrar a Cea das Letras na que se recoñecen os mellores autores e libros do ano; celebrarán a homenaxe anual a Rosalía e tamén manterán a súa reivindicación do Panteón de Galegos Ilustres como un espazo "laico e de uso público". O consello directivo da AELG continúa estando formado polas mesmas persoas, áñade que agora entran a formar parte da vocalía e da xestión da rede dous novos membros, Carlos Negro e Eduardo Estévez.